



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONFEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS *ROSALÍA DE CASTRO* E AS SÚAS FEDERACIÓNS VECIÑAIS

En Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Pola outra parte,

Verísimo Pazos Besada, con DNI 35194016Z, presidente da Confederación Galega de Asociacións Veciñais *Rosalía de Castro*, en calidade de presidente e representante para todos os efectos desta confederación en virtude do acordo da asemblea xeral do 30 de abril de 2016, que continúa vixente segundo consta na certificación emitida pola secretaría da Confederación.

Manuel Mosquera Rodríguez, con DNI 34588065K, como presidente e representante para todos os efectos da Federación de Asociacións de Veciños de Ourense *Limiar*, en virtude do acordo adoptado pola asemblea xeral o 24 de febreiro de 2017 que continúa vixente, segundo consta na certificación emitida pola secretaría da Federación.

María Luisa Varela Insua, con DNI 32434378P, como presidenta e representante para todos os efectos da Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana, en virtude do acordo adoptado pola asemblea xeral extraordinaria o día 8 de abril do 2016 que continúa vixente, segundo consta na certificación emitida pola secretaría da Federación.

Juan Manuel Loureiro Taibo, con DNI 35445268Z, presidente da Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra *Castelao*, en virtude do acordo adoptado pola asemblea xeral extraordinaria o día 30 de abril de 2016 que continúa vixente, segundo consta na certificación emitida pola secretaría da Federación.

Jesús Vázquez Varela, con DNI 33819298Y, presidente da Federación de Asociacións de Veciños de Lugo *Lucus Augusti*, en virtude do acordo adoptado en asemblea xeral o día 21 de febreiro de 2014, que continúa vixente segundo consta na certificación emitida pola secretaría da Federación.

María Pérez González, con DNI 36133187A, presidenta da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo *Eduardo Chao*, en virtude do acordo adoptado en asemblea xeral o día





13 de xuño de 2014 que continúa vixente segundo consta na certificación emitida pola secretaría da Federación.

Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia, tendo as asociacións que se constitúan con esta finalidade a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, erixíndose nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos.

TERCEIRO. No artigo 20 do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúenselle á Dirección Xeral de Administración Local as competencias da Xunta de Galicia en materia de Administración Local. No exercicio destas competencias, correspóndenlle as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, en particular o fomento do asociacionismo veciñal.

CUARTO. A Confederación Galega de Asociacións de Veciños "Rosalía de Castro" (en diante COGAVE) ten como un dos seus obxectivos primordiais dinamizar o movemento veciñal de Galicia, dando os servizos que as federacións confederadas demandan para garantir o mellor funcionamento asociativo e as melloras necesarias para o desenvolvemento óptimo na comunidade autónoma, o que repercute dun xeito directo en cada unha das persoas que a conforman.

A Confederación está integrada por oito federacións veciñais:

a) Na provincia da Coruña:

- Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana
- Federación de Asociacións Veciñais de Ferrol *Roi Xordo*

b) Na provincia de Lugo, a Federación de Asociacións de Veciños de Lugo *Lucus Augusti*

c) Na provincia de Ourense, a Federación de Asociacións de Veciños de Ourense *Limiar*

d) Na provincia de Pontevedra:

- Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra *Castelao*
- Federación de Asociacións Veciñais de Vigo *Eduardo Chao*





- 
- Federación Veciñal *O Facho* de Cangas do Morrazo
 - Federación Veciñal *Pedra dos Acordos* do Val Miñor

Segundo consta na certificación emitida polo secretario de COGAVE, as federacións veciñais *Pedra dos Acordos* do Val Miñor e *O Facho* de Cangas non cumpren os requisitos para asinar o presente convenio. Na mesma certificación consta que a Federación de Asociacións Veciñais de Ferrol Roi Xordo renuncia por decisión propia a asinar este convenio.



QUINTO. De acordo coa certificación emitida o 9 de xuño de 2017 polo Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administrácion Pública e Xustiza, segundo os datos existentes no Rexistro Central de Asociacións dependente da Secretaría Xeral Técnica da Consellería, ao que corresponde a inscricións de asociacións, federacións, confederacións e unións de asociacións de ámbito autonómico, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro da Xunta de Galicia, polo que se crea o Rexistro central de asociacións e se regula o funcionamento do rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, a data actual figuran inscritas na categoría de confederacións de veciños, COGAVE co número 2000-10 mediante resolución do 23/03/2000, sección 2ª e a Confederación de Asociacións de Veciños de Galicia co número 2004-123, mediante resolución do 05/11/2004, sección 2ª.



De entre elas, segundo unha certificación emitida o 13 de setembro de 2016 polo mesmo Servizo antes referido, COGAVE ten claramente unha maior representatividade no ámbito autonómico agrupando un maior número de federacións de asociacións veciñais implantadas nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outras, federacións da Coruña, de Lugo, de Ourense, de Pontevedra, de Ferrol ou de Vigo. Mentres a Confederación de Asociacións de Veciños de Galicia só agrupa tres federacións de asociacións de veciños, unha delas na provincia da Coruña e outras dúas na de Pontevedra.



Por outra banda, respecto de COGAVE constátase a súa actividade mediante a referida certificación na que consta que por resolución do 13 de agosto de 2010 inscribiuse a última modificación da composición da Xunta Directiva. No caso da Confederación de Asociacións de Veciños de Galicia non se ten constancia das inscricións dende o 5 de novembro de 2004.



Do anterior, infírese que COGAVE é a única Confederación de Asociacións de Veciños de ámbito autonómico que mantén actividade e funcionamento regular ademais de ostentar unha maior representatividade. O seu desenvolvemento produce unha serie de obrigas económicas derivadas da necesidade de persoal, así como a mantenza dunha sede e dos gastos de funcionamento que isto ocasiona, entre outros o consumo eléctrico, de auga, teléfono, e organización de actividades.

SEXTO. Esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en contribuír á mellora da calidade da vida local, no marco da súa liña de colaboración coa Administración Local, mediante o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia. Por tal motivo, atopa de interese impulsar o funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, polo que supón de estímulo á realización de actividades que redundan na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que redunda de xeito máis directo na vida das persoas.





A necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos nun contexto de marco orzamentario estable aconsellan a aplicación dos fondos dispoñibles para o funcionamento do asociacionismo veciñal a través de COGAVE e cinco das federacións que a compoñen, por ser esta a organización que agrupa ao maior número de asociacións e federacións de asociacións de veciños de Galicia, e a única que desenvolve unha actividade regular, práctica e eficaz no mantemento do tecido asociativo no ámbito das catro provincias de Galicia, concordando no cumprimento dos obxectivos da Vicepresidencia e Consellería de impulso do funcionamento da estrutura veciñal e de estímulo á realización de actividades neste ámbito, de propiciar o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia e traballar conxuntamente cara o obxectivo común de mellorar o benestar e a convivencia cotiá nos barrios e parroquias de toda Galicia.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación e o feito de ser COGAVE a confederación veciñal de ámbito autonómico que mantén unha actividade e funcionamento regular ademais de ostentar unha maior representatividade, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no mantemento do tecido asociativo veciñal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor de COGAVE e cinco das federacións veciñais que a compoñen, relacionadas no punto cuarto da parte expositiva deste convenio.

SÉTIMO. Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas de COGAVE e cinco das federacións veciñais integrantes, sendo preciso que estas entidades contén co persoal necesario, así como a mantenza dunha sede e dos gastos de funcionamento que isto ocasiona, entre outros o consumo eléctrico, de auga, teléfono, e organización de actividades, tanto da propia Confederación como das federacións de veciños que participan neste convenio, co fin de prestar un mellor servizo ás asociacións veciñais membros das federacións e, a través destas, á veciñanza en xeral.

OITAVO. COGAVE e as cinco federacións veciñais asinantes, cumpren cos requisitos para obter a condición de beneficiarios dunha subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENO. Así, co fin de materializar a cooperación antes descrita, e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acorda subscribir o presente convenio de colaboración con COGAVE e as federacións veciñais integrantes que se relacionan no punto cuarto da parte expositiva deste convenio, para o financiamento da programación e desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento das referidas entidades, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais (COGAVE) máis cinco das oito federacións veciñais que



 compoñen esta, que son a Federación Veciñal da Coruña e Área Metropolitana, a Federación Veciñal *Lucus Augusti* de Lugo, a Federación Veciñal *Limiar* de Ourense, a Federación Veciñal *Castelao* de Pontevedra e a Federación Veciñal *Eduardo Chao* de Vigo (en diante, as entidades beneficiarias), para o financiamento da programación e desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento.

SEGUNDA. Obrigas das entidades beneficiarias.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas das entidades beneficiarias:

1. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos prazos e na forma establecidos neste convenio.
3. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - b) No caso de se realizar pagamentos anticipados e as entidades beneficiarias non presentasen a xustificación da subvención no prazo e na forma previstos neste convenio.
 - c) Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - d) Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - e) Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - f) Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
4. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida ás entidades beneficiarias, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007,



do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

TERCEIRA. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización das actuacións á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de SESENTA E CINCO MIL EUROS (65.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.1 (CP 2015 00097 *Fomento do asociacionismo veciñal*) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Esta cantidade distribúese entre as entidades beneficiarias cos seguintes importes máximos e porcentaxes de financiamento:

ENTIDADE BENEFICIARIA	ORZAMENTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
Confederación Galega de Asociacións Veciñais (COGAVE)	32.500,00 €	32.500,00 €	100,00%
Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana	7.000,00 €	7.000,00 €	100,00%
Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti	7.200,00 €	7.000,00 €	97,22%
Federación de Asociacións de Veciños de Ourense Limiar	7.000,00 €	7.000,00 €	100,00%
Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra Castela	4.500,00 €	4.500,00 €	100,00%
Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao	7.000,00 €	7.000,00 €	100,00%
TOTAL	65.200,00 €	65.000,00	

No caso de que os gastos realizados por cada unha das entidades beneficiarias teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente das actuacións subvencionadas, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao orzamento das actuacións.

CUARTA. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorran ou tivesen incorrido as entidades beneficiarias para o financiamento da programación e desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

QUINTA. Pagamentos anticipados

De acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 63.1.un, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos anticipados ata un total de 41.850,00 €, cos seguintes importes parciais por entidade



beneficiaria:

ENTIDADE BENEFICIARIA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	Importe máximo pagamento anticipado
Confederación Galega de Asociacións Veciñais (COGAVE)	32.500,00 €	15.850,00 €
Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana	7.000,00 €	5.600,00 €
Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti	7.000,00 €	5.600,00 €
Federación de Asociacións de Veciños de Ourense Limiar	7.000,00 €	5.600,00 €
Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra Castelao	4.500,00 €	3.600,00 €
Federación de Asociacións Veciñais de Vigo Eduardo Chao	7.000,00 €	5.600,00 €
TOTAL	65.000,00	41.850,00 €

A concesión dos anticipos realizarase mediante resolución motivada, logo de solicitude da entidade beneficiaria na que esta fará constar as razóns en que fundamenta a necesidade do pagamento inmediato para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, así como o importe do anticipo solicitado, o cal non poderá exceder da cantidade expresada no parágrafo anterior.

Para estes efectos, as entidades beneficiarias das subvencións reguladas mediante este convenio, están exoneradas da constitución de garantías en aplicación do establecido no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA. Conta xustificativa

Para percibir o importe restante da subvención ou o que corresponda no caso de non ~~settear~~ o seu pagamento anticipado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, cada unha das entidades beneficiarias deberá acreditar a execución das actuacións e gastos subvencionados mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación dos gastos realizados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, con detalle dos distintos conceptos e contías, expedida polo/a secretario/a da entidade co visto e praxe do/a seu/súa presidente/a. Para estes efectos, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio
- Facturas orixinais ou copias compulsadas delas. No caso de gastos de persoal deberán presentarse as nóminas e os documentos xustificativos dos seguros sociais.
- Documentación acreditativa do pagamento da totalidade das actuacións con anterioridade á finalización do período de xustificación, mediante orixinal das transferencias bancarias que deberán estar debidamente identificadas, seladas pola entidade bancaria e asinadas pola entidade beneficiaria.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola





entidade beneficiaria das subvencións e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina o xustificante de pagamento. Para estes efectos non se admitirán selos de compulsas.

Só para gastos de contía inferior a 1.000 € admitirase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, sempre que no documento conste a identificación do perceptor e a data de recepción do pagamento. No caso de persoas físicas a identificación consistirá no nome e apelidos e o NIF e no caso de persoas xurídicas indicarse a denominación social e o NIF, con inclusión dos datos da persoa física que actúa na súa representación.

d) Non se poderá fraccionar o obxecto do gasto co fin de eludir a obriga de xustificar os pagamentos mediante copia de transferencia bancaria. O pagamento dos gastos de persoal acreditaranse mediante a presentación da seguinte documentación:

- O pagamento de nóminas mediante orixinal da transferencia bancaria á conta do perceptor.
- O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos TC2 e o recibo de cargo en conta emitido pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
- A Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do I.R.P.F., nos supostos en que este sexa subvencionable.

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.

f) Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

g) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

Á vista desta documentación, a Dirección Xeral de Administración Local expedirá certificación acreditativa do cumprimento pola respectiva entidade beneficiaria, e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de novembro de 2017.

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou xustificación insuficiente ou por concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.



SÉTIMA. Reintegros

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

No caso de producirse o incumprimento das obrigas das entidades beneficiarias da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, a entidade incumplidora comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.

Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.

Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

OITAVA. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

NOVENA. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

DECIMA. Publicidade

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.





DÉCIMO PRIMEIRA. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería e un representante de COGAVE.

A Comisión mixta poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

DÉCIMO SEGUNDA. Extinción do convenio

O presente convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) Por acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Por calquera outra causa prevista nas leis

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia do Convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 15 de novembro de 2017.

DÉCIMO CUARTA. Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO QUINTA. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO SEXTA. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei



9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e demais normativa de aplicación.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e

Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O presidente da Confederación Galega de
Asociacións Veciñais Rosalía de Castro


Verísimo Pazos Besada

A presidenta da Federación de Asociacións
Veciñais da Coruña e Área Metropolitana



María Luisa Varela Insua

O presidente da Federación de Asociacións
de Veciños de Ourense Limiar




Manuel Mosquera Rodríguez

O presidente da Federación de Asociacións
de Veciños de Pontevedra Castelao




Juan Manuel Loureiro Taibo

O presidente da Federación de Asociacións
de Veciños de Lugo Lucus Augusti



Jesús Vázquez Varela

A presidenta da Federación de Asociacións
Veciñais de Vigo Eduardo Chao



María Pérez González